

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia.

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, determina entre os contidos mínimos dun plan de ordenación de recursos forestais (PORF) o establecemento de modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas, para a xestión e o aproveitamento dos montes, baseado na análise das especies existentes, nas súas quedas de corta cando as ditas especies sexan arbóreas, e garantindo que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas e que se manteña a capacidade produtiva dos montes.

O punto terceiro do artigo 76 da dita lei establece que, previamente á aprobación dun plan de ordenación de recursos forestais, se poderán elaborar os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas por distrito forestal que se aprobarán mediante orde da consellaría competente en materia de montes para os efectos de permitir ás persoas propietarias e titulares de montes a comunicación de adhesión aos ditos modelos e referentes.

En adición, e tal e como queda definido no artigo 74 da dita lei, o ámbito de aplicación destes modelos silvícolas orientativos ou de xestión forestal e referentes de boas prácticas, será preferentemente o distrito forestal.

O Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia, desenvolve as categorías dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal en Galicia, distinguíndose entre proxectos de ordenación forestal, documentos simples, documentos compartidos de xestión forestal e documentos de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos.

Entre os contidos mínimos en materia de planificación forestal que deben presentar os proxectos de ordenación forestal, documentos simples e documentos compartidos de xestión forestal, atópanse os modelos silvícolas ou de xestión forestal e referentes de boas prácticas forestais. O artigo 13 do citado decreto posibilita a creación de novos modelos silvícolas e referentes de boas prácticas específicos a incluír nestes instrumentos, pero que, en calquera caso, tal como sinala o punto 3, estes modelos que se propoñan deberán



presentar a mesma estrutura que aqueles establecidos por orde da consellería competente en materia forestal.

Doutra banda e para determinados titulares e superficies en couto redondo definidos no artigo 9 do dito decreto, os ditos modelos e referentes compoñen *per se* un instrumento de xestión forestal.

O punto 2 deste artigo 9 establece que, de existir un plan de ordenación de recursos forestais no ámbito territorial da superficie obxecto de adhesión, os referentes de boas prácticas e os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos aparecerán contidos no dito plan. Na súa falta, e logo de aprobación mediante unha orde, a consellería competente en materia de montes poderá elaborar modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas para os efectos de lles permitir ás ditas persoas propietarias e titulares de montes a comunicación de adhesión aos modelos e referentes.

Actualmente non existe en Galicia ningún plan de ordenación de recursos forestais, polo tanto é necesaria a aprobación, mediante orde, de modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas para os efectos de permitir ditas adhesións, mediante a comunicación dos titulares forestais en Galicia.

En consecuencia, e en aplicación desta habilitación normativa, establécense para os distritos forestais de Galicia modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas.

En virtude de todo o exposto, e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto a aprobación dos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas a aplicar nos distintos distritos forestais da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco da xestión forestal sustentable dos montes e consonte o artigo 76.3 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e o artigo 9.2 do Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

O ámbito de aplicación serán os terreos coa condición de monte ou terreo forestal dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.



Artigo 3. *Obxectivos*

Esta orde procura os seguintes obxectivos:

- a) Facilitar o traballo das persoas silvicultoras galegas.
- b) Producir de forma viable produtos forestais de calidade.
- c) Promover a xestión forestal sustentable consonte coa definición da Conferencia Ministerial sobre Protección de Bosques en Europa de Helsinki en 1993.
- d) Mellorar o estado silvícola dos montes galegos.

Artigo 4. *Definicións*

Para os efectos desta orde, defínense os seguintes termos:

Modelos silvícolas ou de xestión forestal: programas ou itinerarios de actuacións en materia de silvicultura ou xestión forestal sustentable, co fin de optimizar o conxunto das funcións e servizos que desempeñan os montes, asegurando, pola súa vez, a persistencia e estabilidade das masas e terreos forestais.

Referentes de boas prácticas forestais: conxunto de técnicas ou prácticas de xestión forestal definidas co fin de guiar e salvagardar que a execución e desenvolvemento das actividades forestais se realice de xeito eficaz e segundo criterios que aseguren a súa sustentabilidade, definidos nas conferencias ministeriais sobre protección de bosques en Europa.

Artigo 5. *Da estrutura dos modelos silvícolas ou de xestión forestal*

A estrutura mínima que conteñen os modelos silvícolas ou de xestión forestal, dispostos no anexo I desta orde, é a seguinte:

- a) Código do modelo silvícola ou de xestión forestal, para a súa identificación.
- b) Especie ou especies obxecto do modelo silvícola ou de xestión forestal.
- c) Distritos forestais de aplicación, podendo concretar a exclusión de determinados termos municipais.



d) Para cada modelo silvícola ou de xestión forestal deberase describir:

1. Tipo de actuación e época estimada para a súa execución.

2. Método e características das actuacións silvícolas, describindo os parámetros que as definan.

3. Para modelos silvícolas con aproveitamento madeireiro final deberase especificar o marco e a densidade inicial de repoboación, os labores de mantemento, o réxime de podas coa súa altura e época, as características das tallas de formación de ser necesarias, o raleo e sistema de claras coas súas intensidades e densidades finais, finalmente a idade de corta (quenda), e o método de corta de rexeneración.

4. Para modelos silvopastorís ou pascícolas deberanse especificar as superficies medias de pastoreo, as cargas instantáneas ou puntuais de unidades de gando menor ou maior indicando a especie, o número de rotacións e o tempo entre rotacións.

Artigo 6. *Dos referentes de boas prácticas forestais*

Os referentes de boas prácticas forestais, contidos no anexo II desta orde, poderán ser de aplicación para o conxunto dos distritos forestais.

Artigo 7. *Da adhesión das persoas propietarias, titulares ou xestoras do monte aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas*

1. Aquelas persoas solicitantes que, cumprindo cos requirimentos de titularidade e superficie dispostos no artigo 9 do Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia e sen prexuízo da disposición transitoria segunda da dita norma, opten pola adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos, presentarán de forma preceptiva unha comunicación.

2. A dita comunicación de adhesión respectará o procedemento, limitacións, estrutura, contidos mínimos e modelo dispostos no Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.

3. As persoas solicitantes que opten por esta comunicación de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos só poderán optar por aqueles desenvolvidos nesta orde ou por aquelas prácticas e modelos contidos no plan de ordenación de recursos forestais de aplicación, de existir este, conson-



te o artigo 13 do Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.

4. En calquera caso o modelo ou modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos aos cales se comunique a súa adhesión deberán ser de aplicación para o alcance territorial definido dentro dos modelos silvícolas ou de xestión forestal establecidos no anexo I deste decreto. A persoa solicitante non poderá comunicar a adhesión a modelos que non se atopen incluídos na área correspondente.

Artigo 8. Do cumprimento dos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas

1. Aquelas persoas solicitantes que comuniquen a súa adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos deberán cumprir cos modelos e prácticas forestais aos que expresamente se teñen adherido podendo, en caso contrario, ser obxecto de sanción ao abeiro das infraccións tipificadas no artigo 67 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes; no artigo 128 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e no artigo 50 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

2. Porén, os valores modulares que describen as actuacións descritas nos modelos silvícolas ou de xestión forestal obxecto de adhesión tales como, entre outros, a densidade inicial de plantación, a altura e diámetro normal ao cal se fixa a execución da corta, o peso porcentual do sistema de claras, o número de pés finais despois da actuación, o número de unidades de gando maior ou menor para as cargas medias e puntuais, terán carácter orientativo e poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da súa execución práctica nos terreos forestais, pero nunca as ditas modificacións poderán ser superiores ou inferiores ao 25 % dos valores modulares descritos.

Disposición derradeira primeira

Facúltase o órgano forestal para ditar cantas instrucións sexan necesarias para a aplicación do disposto nesta orde.

Disposición derradeira segunda

A presente orde entrará en vigor o día 8 de agosto de 2014.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2014

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Medio Rural e do Mar

CVE-DOG: pkvdbuj2-mug0-mhi1-yd57-t3hcbec2del5



ANEXO I

Modelos silvícolas ou de xestión forestal

Especie	Código MS	Obxectivo do modelo
Piñeiro do país (<i>Pinus pinaster</i> Ait.)	PP1	Madeira para trituración, pequena porcentaxe para serra. Máxima produtividade en madeira.
	PP2	Madeira para trituración, serra e chapa. (400) 550-700 pés/ha pés de calidade en corta final.
Piñeiro insigne (<i>Pinus radiata</i> D. Don.)	PR1	Madeira para trituración.
	PR2	Madeira para serra e chapa. 250-300 pés de calidade (chapa, serra e astelado).
Piñeiro silvestre (<i>Pinus sylvestris</i> L.)	PS1	Madeira de calidade para serra ou desenvolvemento.
Piñeiro negral (<i>P. nigra</i> subsp. <i>salzmannii</i> var. <i>corsicana</i>)	PN1	Madeira para trituración, serra e chapa. 300-400 pés de calidade en corta final (chapa, serra e astelado).
Piñeiro de Oregón (<i>Pseudotsuga menziesii</i> Mirb. Franco)	PM1	Madeira para serra e chapa. 200 pés de calidade.
Eucalipto branco (<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.)	EG1	Madeira para pasta/trituración, diámetro obxectivo aos 12 anos de 20 cm.
	EG2	Madeira para serra, diámetro obxectivo aos 30 anos de 50 cm, en aproximadamente 200 árbores de calidade.
Eucalipto nitens (<i>Eucalyptus nitens</i> Deane & Maiden)	EN1	Madeira para pasta/trituración con diámetro obxectivo aos 12 anos de 20 cm.
	EN2	Madeira para serra, diámetro obxectivo aos 30 anos de 50 cm, en aproximadamente 200 árbores de calidade.
Carballo (<i>Quercus robur</i> L.)	QR1	Protección e madeira de calidade, con lonxitude de fuste podado, recto e sen defectos a 6-10 m. Diámetro normal mínimo 50 cm, 70-100 pés/ha ao final.
Cerquiño (<i>Quercus pyrenaica</i> Will.)	QP1	Aproveitamento enerxético.
Bidueiro (<i>Betula celtiberica</i> Rothm & Vasc.)	BC1	Madeira para serra e chapa. 250 pés de calidade.
Cerdeira (<i>Prunus avium</i> L.)	PA1	Madeira para serra e chapa. (80) 100-150 pés de calidade.
<i>Castanea sativa</i> Miller (altitude>550 m) ou <i>Castanea x hybrida</i> (altitudes menores)	CS1	Madeira de calidade. Madeira para estacas ou trituración (raro), parqué ou aserriño de pequenas dimensións (primeiras claras ou segundas), e aserriño e ebanistaría (segundas claras en adiante).
	CS2	Produción froiteira.
Xénero <i>Pinus</i> spp.	PF1	Produción multifuncional: micosilvícola de fungos e de madeira.
Xénero <i>Quercus</i> spp. e <i>Castanea</i> spp.	PF2	Produción multifuncional: micosilvícola de fungos e de madeira.
Sistema silvopastoral	SS1	Produción multifuncional: de pastos e de madeira.
Masas (principalmente xénero <i>Quercus</i> spp) consolidadas de frondosas autóctonas.	XMCA1	Sustentabilidade das masas consolidadas de frondosas autóctonas.
	XMCA2	



Modelo silvícola	PP1
Especie:	<i>Pinus pinaster</i> Ait.
Obxectivo:	Madeira para trituración, pequena porcentaxe para serra. Máxima produtividade en madeira.
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	3 metros (en diante m) entre liñas como mínimo $\times$ 2 m entre plantas, 3 m $\times$ 2,5 m, 3 m $\times$ 3 m, que son 1.670, 1.330 e 1.110 plantas/hectárea (en diante ha) respectivamente. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Entre os 2-5 anos, mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Cando se acuda á rexeneración natural e sempre que a densidade mínima de planta viable supere os 1.500 pés por hectárea ben espallados e con vigor suficiente deberase realizar, entre os 3-6 anos, un rareo sistemático (por rúas e entre rúas), ou manual (se non é posible a mecanización das rúas) que adecúe a densidade final á sinalada neste modelo. Opcional utilización de fertilización (N,P,K) baixa en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte lexislación.
Tratamentos silvícolas	
Podas	Poda baixa (2 m) cando a altura é de 5-7 m e o diámetro normal medio de 10 cm.
Rareos	8-10 anos. Densidade de 1.000-1.200 pés/ha. Polo baixo (sobre árbores dominados e con defectos). Opcional. Evitable se a densidade de partida é inferior a 1.600 pés por ha. Posibilidade dun rareo enerxético en masas con suficiente densidade. Se é rexenerado natural, facer arredor dos 2-5 anos rareo-roza sistemático por faixas e selectivo na interfaixa ou manual (se non é posible a mecanización das faixas), ata deixar unha densidade de 1.000-1.400 pés/ha, de forma gradual se hai problema de vento forte ou a densidade inicial era moi elevada.
Claras	Primeira clara polo baixo e selectiva ata deixar uns 750-900 pés/ha de árbores de porvir (10-20 anos), peso do 30 ao 50 % dos pés, atendendo a riscos de derribo por vento ou procedencia de elevado rexenerado natural débese moderar o peso ata o 20 % (900-1.100 pés/ha), con posibilidade de execución semisistemática. Segunda clara opcional, deixando uns 650-700 pés/ha (20-25 anos) no caso de que a porcentaxe de serra así o xustifique ou no caso de que sexa necesaria esta segunda clara co fin de obter 750-900 pés/ha (como consecuencia dunha primeira clara moderada).
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	30-35 anos.
Métodos de corta	Corta a feito, ou a feito en dous tempos (con árbores pai, 25-50 pés por ha durante 5-10 anos). Evitar cortas a feito nun tempo de superficies superiores a 5 ha.

Modelo silvícola	PP2
Especie:	<i>Pinus pinaster</i> Ait.
Obxectivo:	Madeira para trituración, serra e chapa. (400) 550-700 pés de calidade/ha en corta final.
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	3 m (entre liñas como mínimo) $\times$ 2 m (entre plantas), 3 m $\times$ 2,5 m, 3 m $\times$ 3 m, que son 1.670, 1.330 e 1.110 plantas/ha respectivamente. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.



Mantementos	Entre os 2-5 anos, mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Cando se acuda á rexeneración natural e sempre que a densidade mínima de planta viable supere os 1.500 pés por hectárea ben espallados e con vigor suficiente deberase realizar, entre os 3-6 anos, un rareo sistemático (por rúas e entre rúas), ou manual (se non é posible a mecanización das rúas) que adecúe a densidade final á sinalada no presente modelo. Opcional utilización de fertilización (N,P,K) baixo en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte lexislación.
Tratamentos silvícolas	
Podas	Poda baixa (3 m) cando a altura é de 5-7 m e diámetro normal medio de 10 centímetros (en adiante cm) nos 1.000-1.200 pés/ha restantes tras o rareo. Poda alta ata 6 m (necesaria en plantacións, evitable en montes que proveñen de rexeneración natural e con boa poda natural) cando os pés alcancen unha altura total de 12-15 m, diámetro normal de 18 cm. Só se fará sobre os pés que se deixen para a corta final. Intensidades de corta entre 1/3 e 1/2 da altura total da árbore.
Rareos	8-10 anos. Deixar uns 1.000-1.200 pés/ha. Polo baixo (sobre árbores dominados e con defectos). Se é rexenerado natural, facer arredor dos 2-5 anos rareo-roza sistemático por faixas e selectivo na interfaixa ou manual (se non é posible a mecanización das faixas), ata deixar unha densidade de 1.000-1.400 pés/ha, de forma gradual se hai problema de vento forte ou a densidade inicial era moi elevada.
Claros	Primeira clara ata deixar uns 750-900 pés/ha (15-20 anos). Segunda clara, deixando 550-700 pés/ha (20-30 anos). Terceira clara opcional, no caso de que a calidade da madeira o aconselle, deixando 400-500 pés/ha (25-35 anos). Atendendo a riscos de derribo por vento ou procedencia de elevado rexenerado natural moderar o peso das claras facendo tres, a primeira deixando (900-1.100 pés/ha), a segunda ata os 750-900 pés/ha e a terceira clara co fin de obter 550-700 pés/ha.
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	35-50 anos (menor quenda en mellores calidades de estación).
Métodos de corta	Corta a feito, ou a feito en dous tempos (con árbores pai, 25-50 pés por ha durante 5-10 anos).

Modelo silvícola	PR1
Especie:	<i>Pinus radiata</i> D. Don.
Obxectivo:	Madeira para trituración.
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	3,5 m (entre liñas como mínimo) × 3,5 m, 4 m × 3 m, 4 m × 2,5 m ou 3,5 m × 2,5 m; 815-1.140 plantas/ha. Cumprimento das distancias mínimas establecidas en anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte a lexislación. Fertilización de implantación necesaria (N,P,K), baixa en nitróxeno, granulada soluble ou de liberación gradual; aplicación conforme o tipo de fertilización empregada.



Tratamentos silvícolas	
Podas	Baixa ata un mínimo de 2,5 m cando o diámetro normal alcance 10 cm, tras o primeiro rareo se este existe.
Rareos	Durante os primeiros anos, no caso de rexeneración natural densa tras lume, ata deixar unha densidade de 900 a 1.500 pés por ha. No caso de plantacións non será, en xeral, necesario aplicar un rareo se se planta a unha densidade inferior a 1.500 pés por ha.
Claras	Primeira e única clara entre 10-15 anos, peso do 30 ao 50 % dos pés, deixando 500-600 pés por ha, atendendo a riscos de derribo por vento, con posibilidade de execución semisistemática.
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	25-30 anos.
Métodos de corta	Corta a feito, ou a feito en dous tempos. Evitar cortas a feito nun tempo de superficies maiores de 5 ha.

Modelo silvícola	PR2
Especie:	<i>Pinus radiata</i> D. Don.
Obxectivo:	Madeira para serra e chapa. 250-300 pés de calidade (chapa, serra e astelado).
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	3,5 m (entre liñas como mínimo) × 3,5 m, 4 m × 3 m, 4 m × 2,5 m ou 3,5 m × 2,5 m; 815-1.140 plantas/ha. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Fertilización de implantación necesaria (N,P,K), baixa en nitróxeno, granulada soluble ou de liberación gradual; aplicación conforme o tipo de fertilización empregada.
Tratamentos silvícolas	
Podas	Baixa ata un mínimo de 2,5 m cando o diámetro normal alcance 10 cm, tras o primeiro rareo se este existe. Poda alta ata 6 m cando os pés alcancen unha altura total de 12-15 m, diámetro normal de 18 cm, tras a primeira clara. Só se fará sobre os pés que se deixen para a corta final (300 a 400 pés/ha).
rareos	No caso de plantacións non será, en xeral, necesario aplicar un rareo se se planta a unha densidade inferior a 1.500 pés por ha.
Claras	Primeira clara entre os 10-15 anos, peso do 30 ao 50 % dos pés, deixando 600-700 pés por ha, atendendo a riscos de derribo por vento, con posibilidade de execución semisistemática. Segunda clara entre os 15-25 anos, extraendo o 30-35 % dos pés restantes, deixando 300-400 pés/ha.
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	30-40 anos (menor quenda en mellores calidades de estación).
Métodos de corta	Corta a feito, ou a feito en dous tempos (con árbores pai).



Modelo silvícola	PS1
Especie:	<i>Pinus sylvestris</i> L.
Obxectivo:	Madeira de calidade para serra ou desenrolo.
Distritos de aplicación:	Distrito VII, distrito VIII, distrito IX, distrito X, distrito XI, distrito XII, distrito XIII, distrito XIV, distrito XV, distrito XVI e distrito XVII.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	3 a 3,5 m (entre liñas). Densidades entre 1.100 e 1.600 pés/ha, segundo pendente e obxectivo da reforestación. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Fertilización de implantación necesaria (N,P,K), baixa en nitróxeno, granulada soluble ou de liberación gradual, aplicación conforme o tipo de fertilización empregada.
Tratamentos silvícolas	
Podas	Poda baixa (2 metros) cando o diámetro normal medio é de 10 cm. 40 anos, sobre árbores de porvir, en número de 250-450 pés por hectárea, aos cales se lles realizará unha poda alta ata 8 metros.
Rareos	Durante o primeiro ano, no caso de rexeneración natural, ata deixar a densidade e marcos desexados. 15-30 anos, realizaranse un ou dous rareos ata unha densidade de 750-900 pés/ha.
Claros	30 a 50 anos, realizaranse claros cada 5-8 anos. 50 a 80 anos, realizaranse claros cada 8-10 anos.
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	60-100 anos (dependendo da calidade de estación).
Métodos de corta	Cortas a feito, cortas por aclareo sucesivo uniforme ou cortas por entresaca en montes protectores.

Modelo silvícola	PN1
Especie:	<i>P. nigra</i> subsp. <i>salzmannii</i> var. <i>corsicana</i>
Obxectivo:	Madeira para trituración, serra e chapa. 300-400 pés de calidade en corta final (chapa, serra e astelado).
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais. Pero especialmente nos distritos de montaña: VII, VIII, XIII, XIV e XV nunha cota de entre os 600-1.000 metros de altitude.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	3 m (entre liñas como mínimo) x 2 m (entre plantas), 3 m x 2,5 m, 3 m x 3 m, que son 1.670, 1.330 e 1.110 plantas/ha respectivamente. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Entre os 2-10 anos (debido a que a copa é moi clara e non controla ben a competencia do mato), mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Opcional utilización de fertilización (N,P,K) baixo en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte a lexislación.



Tratamentos silvícolas	
Podas	A pesar da boa poda natural é recomendable unha poda baixa (3 m) cando a altura é de 5-7 m e diámetro normal medio de 10 cm nos 900-1.200 pés/ha. Nas árbores de porvir farase poda alta ata os 5,5-6 m. Afectará 400-550 pés/ha, co fin de garantir que se hai danos cheguen á corta final 300-400 pés/ha. Intensidades de poda até un 1/2 da altura total da árbore.
Rareos	Só no caso de ser necesario, aos 10-15 anos co fin de deixar uns 900-1.200 pés/ha. Polo baixo (sobre árbores dominadas e con defectos).
Claras	Claras polo baixo e selectivas de árbores de porvir (elíxense entre os pés dominantes e codominantes máis vigorosos e con mellores calidades de fuste) 300-400 pés/ha. O peso das claras será preferentemente moderado ou moderado-forte (25-30 % de área basimétrica), co obxectivo de facer as intervencións máis rendíbles economicamente. Se se atrasa a primeira clara e a altura media dos pés supera os 15-20 m, aconséllase reducir o peso da clara (15-20 %) co fin de evitar danos por vento polo elevado índice de esveltez da masa. A primeira clara realizarase aos 20-30 anos e acompañarase da poda alta. Entre a primeira clara (20-30 anos) e os 55 anos levaranse a cabo, en función da calidade de estación, desenvolvemento dos pés e riscos de derrubamento, entre 3 e 5 claras separadas 5-10 anos entre si. Cando menos deixar entre 5-10 anos para realizar a corta de rexeneración (dependendo da calidade de estación).
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	60 -80 anos (dependendo da calidade de estación).
Métodos de corta	Corta a feito, ou a feito en dous tempos (con árbores pai).

Modelo silvícola	PM1
Especie:	<i>Pseudotsuga menziesii</i> Mirb. Franco.
Obxectivo:	Madeira para serra e chapa. 200 pés de calidade.
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	3 a 3,5 m (entre liñas). Densidades entre 1.100 e 1.600 pés/ha, segundo pendente e obxectivo da reforestación. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Opcional utilización de fertilización (N,P,K) baixo en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte lexislación.
Podas	Unha primeira poda baixa (2 ou 2,5 metros) cando as árbores alcancen 6 metros de altura. Pódanse todas as árbores presentes. Unha segunda poda alta (ata os 6 metros) pode realizarse cando as árbores alcanzan uns 12 metros de altura, tan só as 300 ou 400 mellores árbores. Terceira poda opcional chegando aos 8 metros se é economicamente viable.
Rareos	Farase aos 12 anos en densidades superiores a 2.000 pés/ha, eliminado un 20 % dos pés existentes, para unha densidade final de 1.600 pés/ha.



Claras	Para densidade de 1.600 pés/ha realizarase unha clara aos 16 anos ata deixar uns 1.100 pés/ha. Primeira clara ata deixar uns 700-800 pés/ha (18-22 anos). Segunda clara ata deixar uns 450-500 pés/ha (25-30 anos). Terceira clara, deixando uns 300 pés/ha (35-40 anos). Cuarta clara opcional para deixar 200 pés/ha (45-50 anos).
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	60 anos.
Métodos de corta	Corta a feito, ou a feito en dous tempos (con árbores pai, 25-50 pés por ha durante 5-10 anos).

Modelo silvícola	EG1
Especie:	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.
Obxectivo:	Madeira para pasta/trituración, diámetro obxectivo aos 12 anos de 25 cm.
Distritos de aplicación:	Distrito I, distrito II, distrito III, distrito IV, distrito V, distrito VI, distrito XVI, distrito XVII, distrito XVIII, distrito XIX.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	1.000-1.600 plantas por hectárea. O máis recomendable é un marco de 3,5 (distancia entre filas) × 2 m (distancia entre plantas). Aconséllase deixar unha distancia mínima de 3,5 metros entre filas, para facilitar a mecanización das operacións posteriores. Densidades maiores dan peche de copas antes, pero encarece a plantación. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Opcional utilización de fertilización; non se recomenda de liberación lenta, senón NPK 8/24/16; sen que toque a planta hai que poñelo a uns 30 cm do colo, a ambos os dous lados.
Tratamentos silvícolas	
Selección de abrochos	Segundas e terceiras quendas, selección de un ou dous dos mellores abrochos por pé ou ben 4 de cada 6 ou 5 de cada 6 se se pretende densificar.
Podas	Non recomendadas.
Rareos	-
Claras	-
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	12-16 anos segundo calidade de estación.
Métodos de corta	Corta a feito.

Modelo silvícola	EG2
Especie:	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.
Obxectivo:	Madeira para serra, diámetro obxectivo aos 30 anos de 50 cm, en aproximadamente 200 árbores de calidade.
Distritos de aplicación:	Distrito I, distrito II, distrito III, distrito IV, distrito V, distrito VI, distrito XVI, distrito XVII, distrito XVIII, distrito XIX.



Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	Aconséllase un marco de 3 × 3 m (1.111 plantas/ha). Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Opcional utilización de fertilización; non se recomenda de liberación lenta, senón NPK 8/24/16; sen que toque a planta, hai que poñelo a uns 30 cm da caule, a ambos os dous lados.
Tratamentos silvícolas	
Selección de abrochos	-
Podas	Dúas podas de ramas vivas, afectando como máximo un 40 % da copa viva, aos 2-3 anos, altura total podada de 6 m, sobre 150-200 pés/ha de porvir seleccionados e espazados 7-9 metros entre si.
Rareos	3 anos para deixar 500-600 pés/ha, mediante rareo selectivo ou semisistemático.
Claras	Aos 6 anos ata deixar 150-200 pés/ha.
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	25 anos recomendado.
Métodos de corta	Corta a feito.

Modelo silvícola	EN1
Especie:	<i>Eucalyptus nitens</i> Deane & Maiden.
Obxectivo:	Madeira para pasta/trituración con diámetro obxectivo aos 12 anos de 20 cm.
Distritos de aplicación:	Distrito I, distrito II, distrito III, distrito IV, distrito V, distrito VI, distrito IX agás os termos municipais de Castroverde, Sarria, O Incio, Samos, Triacastela, Paradelá, O Páramo e Láncara, distrito X, distrito XVI, distrito XVII, distrito XVIII, distrito XIX.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	1.100-1.600 plantas por ha. O máis recomendable é un marco de 3 ou 3,5 (distancia entre filas) × 2 m (distancia entre plantas). Aconséllase deixar unha distancia mínima de 3,5 metros entre filas, para facilitar a mecanización das operacións posteriores. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Opcional utilización de fertilización; non se recomenda de liberación lenta, senón NPK 8/24/16; sen que toque a planta, hai que poñelo a uns 30 cm do colo, a ambos os dous lados.
Tratamentos silvícolas	
Selección de abrochos	-
Podas	-
Rareos	-
Claras	-
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	14-20 anos.
Métodos de corta	Corta a feito.



Modelo silvícola	EN2
Especie:	<i>Eucalyptus nitens</i> Deane & Maiden.
Obxectivo:	Madeira para serra, diámetro obxectivo aos 30 anos de 50 cm, en aproximadamente 200 árbores de calidade.
Distritos de aplicación:	Distrito I, distrito II, distrito III, distrito IV, distrito V, distrito VI, distrito IX agás os termos municipais de Castroverde, Sarria, O Incio, Samos, Triacastela, Paradela, O Páramo e Láncara, distrito X, distrito XVI, distrito XVII, distrito XVIII, distrito XIX.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	Aconséllase un marco de 3 × 3 m (1.111 plantas/ha). Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Opcional utilización de fertilización; non se recomenda de liberación lenta, senón NPK 8/24/16; sen que toque a planta, hai que poñelo a uns 30 cm da caule, a ambos os dous lados.
Tratamentos silvícolas	
Selección de abrochos	-
Podas	Dúas podas de ramas vivas, afectando como máximo un 40 % da copa viva, aos 2-3 anos, altura total podada de 6 m, sobre 150-200 pés/ha de porvir seleccionados e espaciados 7-9 metros entre si.
Rareos	3 anos para deixar 500-600 pés/ha, mediante rareo selectivo ou semisistemático.
Claras	Aos 6 anos ata deixar 150-200 pés/ha.
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	25 anos recomendado.
Métodos de corta	Corta a feito.

Modelo silvícola	QR1
Especie:	<i>Quercus robur</i> L.
Obxectivo:	Protección e madeira de calidade, con lonxitude de fuste podado, recto e sen defectos a 6-10 m. Diámetro normal mínimo 50 cm, 70-100 pés/ha ao final.
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	2.000-2.500 plantas/ha en plantación (2 × 2, 2,5 × 2, 3 × 1,5 m). Esta densidade inicial non permitirá a roza mecanizada, polo tanto, poderanse de forma xustificada diminuír estas densidades deixando unha separación de 3 ou 3,5 metros entre liñas. 6.000-10.000 plantas/ha en sementeira ou rexeneración natural. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Opcional utilización de fertilización (N,P,K) baixo en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte lexislación.



Tratamentos silvícolas	
Tallas de formación	Tallas de formación cada 2-3 anos, non necesita poda se se fan ben as tallas.
Rareos	Desde os 15 anos, deixando 1.000-1.500 pés/ha, poden producir madeira de trituración e leñas.
Claros	Iniciar aos 30 anos, e despois seguir cada 7-10 anos. Actuar sobre dominantes e codominantes, non sendo moi intensas para evitar chupóns. Entre os 50-80 anos claros algo máis fortes para estimular o crecemento diamétrico.
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	90 a 120 anos, podendo manter de xeito definitivo arboredo adulto en pé a partir desas idades.
Métodos de corta	Aclareo sucesivo en dous tempos, con reserva de arboredo.

Modelo silvícola	QP1
Especie:	<i>Quercus pyrenaica</i> Will.
Obxectivo:	Aproveitamento enerxético.
Distritos de aplicación:	Distrito forestal VII, distrito forestal VIII, distrito forestal IX, distrito forestal X, distrito forestal XI, distrito forestal XII, distrito forestal XIII, distrito forestal XIV, distrito forestal XV.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	2.000-2.500 plantas/ha en plantación (2 × 2, 2,5 × 2, 3 × 1,5 m). Esta densidade inicial non permitirá a roza mecanizada, polo tanto, poderase de forma xustificada diminuír estas densidades deixando unha separación de 3 ou 3,5 metros entre liñas. 6.000- 10.000 plantas/ha en sementeira ou rexeneración natural. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012. Implantada a masa, aplicarase o método de beneficio de monte baixo.
Mantementos	Mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Opcional utilización de fertilización (N,P,K) baixo en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte a lexislación.
Tratamentos silvícolas	
Tallas de formación	Non
Rareos	Non
Claros	Non
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	10-20 anos.
Métodos de corta	Cortas a feito con resalvos.



Modelo silvícola	BC1
Especie:	<i>Betula celtiberica</i> Rothm & Vasc.
Obxectivo:	Madeira para serra e chapa. 250 pés de calidade.
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	Densidade de plantación recomendable entre 1.100-1.600 plantas por ha en función da calidade do terreo. Pódense aceptar densidades menores (arredor de 800-850 plantas/ha) condicionando unha maior intensidade silvícola. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Opcional utilización de fertilización (N,P,K) baixa en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte a lexislación.
Tratamentos silvícolas	
Tallas de formación e podas	Faranse tallas de formación a partir do segundo ano e ata os seis anos. Poda baixa cando as árbores acaden os 6 metros de altura. Poda alta sobre os mellores 500-600 pés/ha.
Rareos	En función da densidade inicial poden ser necesarias ou non. De tratarse de rexeneración natural intervir precozmente para levar a densidade a 1600-1.300 pés/ha como máximo, aos 3-5 anos.
Claras	A primeira clara recoméndase aos 10-15 anos eliminando unha terceira parte do arboredo. Será unha clara polo baixo. Selección de árbores de porvir (300-500 pés/ha) que coincidirá coa segunda clara. Buscar distanciamentos de 6 metros entre pés aproximadamente e prioridade ao criterio de boa conformación da árbore. Terceira clara e última aos 25 anos, quedando en pé os 250-300 pés/ha destinados á corta final ou de rexeneración.
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	35-45 anos.
Métodos de corta	Corta a feito ao ser unha especie de luz pioneira.

Modelo silvícola	PA1
Especie:	<i>Prunus avium</i> L.
Obxectivo:	Madeira para serra e chapa. (80) 100-150 pés de calidade.
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	Densidade de plantación recomendable entre 1.100-1.600 plantas por ha en función da calidade do terreo. Pódense aceptar densidades menores (en torno a 800-850 plantas/ha) condicionando unha maior intensidade silvícola ou incluso de 400 plantas/ha de introducir material cualificado de alta calidade (etiqueta rosa ou azul). Non deben realizarse plantacións monoespecíficas extensas por ser unha especie vulnerable a moitas enfermidades. É posible mesturalo con coníferas (dado o seu rápido crecemento inicial) ou con outras frondosas, debendo preferirse as que teñan unha similar pauta de desenvolvemento. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.



Mantementos	A intensidade de coidados de mantemento será necesariamente alta, con fertilización (N,P,K) baixa en nitróxeno de liberación gradual e rozas frecuentes, estes últimos mecanizados (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación.
Tratamentos silvícolas	
Tallas de formación e podas	Faranse tallas de formación a partir do segundo ano e ata os sete anos. Preselección de 250-300 pés/ha. Poda baixa entre os 8-15 anos cando as árbores acaden os 4-6 metros de altura. Poda alta sobre os mellores 100-150 pés/ha.
Rareos	En función da densidade inicial poden ser necesarios ou non. De ser necesario farase aos 10 anos deixando unha densidade final entre os 500-600 pés/ha.
Claras	A primeira clara recoméndase aos 15-20 anos eliminando unha terceira parte do arboredo deixando uns 250-300 pés/ha (preseleccionados na talla de formación). Será unha clara polo baixo. A rotación das claras será cada 5 a 7 anos até os 35-40 anos e perseguirán un fuste limpo duns 8 -10 m nas árbores de porvir seleccionadas (100-150 pés/ha) con copa equilibrada e desenvolvida, para o que se requiren claras vigorosas. Aconsellable entre a última clara e a corta final que pasen entre 7-10 anos para favorecer a duraminización do tronco nas árbores destinadas á produción de chapa. Alternativamente poderase modificar este modelo cunha nova e última clara aos 45 anos até deixar uns 70-90 pés/ha, debendo nestes casos alongar a quenda de corta até os 55 anos.
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	40-50 anos.
Métodos de corta	Corta a feito acorde co seu carácter heliófilo.

Modelo silvícola	CS1
Especie:	<i>Castanea sativa</i> Miller (altitude >550 m) ou <i>Castanea x hybrida</i> (altitudes menores)
Obxectivo:	Madeira de calidade. Lonxitude do fuste podado, recto, sen defectos a 6-10 m. Diámetro normal 40-50 cm.
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	Plantación de alta densidade para madeira: 815-1.430 pés/ha (3.5 × 2 m; 3.5 × 3 m; 3.5 × 3.5 m e 4 × 2 m). Deixar 3,5 m nunha das direccións para mecanizar. Para madeira é a máis aconsellada. Plantacións de baixa densidade para madeira: 400-625 pés/ha (5 × 5 m a 4 × 4 m). Exixe o uso de material de excelente calidade xenética e morfolóxica (seleccionado en <i>Castanea sativa</i> e controlado en <i>Castanea hybrida</i>). Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Mecanizado entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico consonte lexislación.
Tratamentos silvícolas	
Tallas de formación	Tallas de formación buscando formar fuste continuo e vertical. A comezar aos 4-5 anos e continuar ata que as plantas cheguen aos 6-8 m (7-9 anos), actuando repetidamente cada 2 ou 3 anos. A continuación cada 5 ou 6 anos ata chegar aos 6 metros en fuste libre de ramas. Máis adecuadas no verán, desde mediados de xullo. Tallar só os pés de máis calidade (400 pés/ha de boa conformación). Absolutamente necesaria en plantacións de baixa densidade (5 × 5 m a 4 × 4 m). Moi importante desinfección de ferramenta entre árbores. Cortes limpos e moi aconsellable uso de seladores (todas estas actuacións destinadas a evitar ataque do chancro).



Rareos	Optativo. Baixar a densidade a 600-800 árbores/ha, que se realizará só se se parte de alta densidade. Aos 8-12 anos.
Claros	Primeira clara, onde ademais se realizará selección de 140-250 árbores/ha, debe ser temperá se non se fixo rareo (para que a competencia non prexudique ao crecemento diametral). Se se fixo clareo farase aos 18-20 anos (deixando 370 árbores/ha), se non aos 13-16 (deixando 700 pés/ha). Madeira para estacas ou trituración. 2-3 claras máis, con periodicidade de 7-8 anos. Parqué ou aserrío de pequenas dimensións (primeiras claras ou segundas), e aserrío e ebanistaría (segundas claras en adiante), con tendencia a densidade final de 200 a 250 pés/ha.
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	45-60 anos.
Métodos de corta	A feito. Rexeneración en chirpiais de monte baixo. Posibilidade de utilización combinada de brinzais, resalvos cara a monte medio.

Modelo silvícola	CS2
Especie:	<i>Castanea sativa</i> Miller (altitude >550 m.) ou <i>Castanea x hybrida</i> enxertada (altitudes menores).
Obxectivo:	Produción froiteira.
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais. Preferentemente aqueles que coincidan coa indicación xeográfica protexida castaña de Galicia nomeadamente: • Todos os da provincia de Ourense. • Todos os da provincia de Lugo agás os termos municipais do Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros e Ribadeo pertencentes ao distrito VI. • Na provincia de Pontevedra o distrito XVI e os termos municipais de Cotobade, A Lama, Campo Lameiro e Cuntis pertencentes ao distrito XIX. • Na provincia da Coruña os termos municipais de Boimorto, Melide, Santiso, Sobrado, Toques e Arzúa pertencentes ao distrito III.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	Plantacións para froito: 50-100 pés/ha (10 × 10 m a 14 × 14 m), material de excelente calidade xenética e morfolóxica, patrón (usualmente híbrido) enxertado con púa (<i>C. sativa</i>) de variedade de alta calidade para froito (aconsellable monovarietal ou bivarietal con polinizadores). Patrón: usar material cualificado ou controlado no caso de clons híbridos de castiñeiro dos campos de plantas nai rexistrados. Para altitudes menores de 550 metros obrigado uso de castiñeiro híbrido (resistencia fronte á tinta). Altitudes maiores aconsellable castiñeiro silvestre. Púa: as variedades de <i>C. sativa</i> que se enxertará no caso de que o patrón sexa un híbrido ou directamente no caso de plantas de castiñeiro silvestre, por ser consideradas de maior interese, son: a «Amarelante», a «Famosa», a «Garrida», a «Longal», a «De Parede», a «Ventura» e a «Xudía», así como as de boa actitude como macho polinizador que son: a «Negral», a «Picon», a «Serodia» e a «Rapada». Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Mecanizado entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico consonte lexislación. Aconsellable rega e fertilización de liberación gradual (2-3 pastillas por planta 4/14/14 + 10CaO), así como granulada, tamén de liberación gradual (50 gr/planta 11/22/9 + 6MgO), ou mesmo a combinación de 100 gr/planta de P2O5 e 40 gr/planta de K2O en forma de fosfatos naturais e sulfato potásico, respectivamente.



Tratamentos silvícolas	
Tallas de formación	Tallas de fructificación buscando formar fuste ramoso, con ampla copa. Comezará aos 7-9 anos e continuará cada 5 ou 6 anos ata conseguir obter unha cruz baixa, entre 3-6 m e unha copa moi aberta cunha gran ramificación. Grande importancia nas medidas de prevención fitosanitaria. Practicar no verán (aconsellable mes de xullo). Absolutamente necesaria desinfección minuciosa das ferramentas de poda e selaxe tras a corta.
Rareos	-
Claras	-

Modelo silvícola	PF1
Especie:	Xénero <i>Pinus spp.</i>
Obxectivo:	Produción multifuncional: micosilvícola de fungos e de madeira.
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	Variable en función das especies empregadas na plantación (1.000-1.500 pés/ha). Deixarase unha separación de 3 ou 3,5 metros entre liñas co fin de permitir a mecanización dos traballos silvícolas. >3.000 plantas/ha en sementeira ou rexeneración natural. Recoméndase o emprego de planta micorrizada con especies de fungos con interese comercial. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012. Implantada a masa, aplicase o método de beneficio de monte alto.
Mantementos	Unha roza mecanizada ou manual durante a idade de repoboado e outra na clase de idade de monte bravo. No caso de ser manual os restos deberán amorearse en cordóns ou retirarse do monte. Poderán realizarse rozas adicionais cando se considere oportuno co fin de facilitar a recollida dos fungos, reducir o risco de incendio forestal, favorecer a rexeneración do arboredo, etc.
Tratamentos silvícolas	
Podas	Unha poda baixa (2 m) cando o diámetro normal medio estea arredor dos 10 cm, co fin de reducir o risco de incendios e favorecer o acceso á masa. Recoméndase a realización dunha poda alta nos pés que van chegar á corta final.
Rareos	En masas que proveñen de rexeneración natural realizarase un rareo na idade de repoboado ou monte bravo co fin de acadar unha densidade entre 1.000 e 1.500 pés/ha. Recoméndase respectar algúns pés de frondosas caducifolias autóctonas.
Claras	Dúas ou tres claras de intensidade baixa ou moderada (ata 15 m ² /ha de área basimétrica). Recoméndase respectar algúns pés de frondosas caducifolias autóctonas e chegar a unha densidade previa ás cortas de rexeneración entre 300 e 500 pés/ha.
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	A quenda da especie principal da masa.
Métodos de corta	Cortas por aclareo sucesivo uniforme, por faixas ou por bosquetes.



Modelo silvícola	PF2
Especie:	Xén. <i>Quercus spp.</i> e <i>Castanea spp.</i>
Obxectivo:	Produción multifuncional: micosilvícola de fungos e de madeira.
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	Variable en función das especies empregadas na plantación. Deixarase unha separación de 3 ou 3,5 metros entre liñas co fin de permitir a mecanización dos traballos silvícolas. >3.000 plantas/ha en sementeira ou rexeneración natural. Recoméndase o emprego de planta micorrizada con especies de fungos con interese comercial. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012. Implantada a masa, aplicarase o método de beneficio de monte alto.
Mantementos	Unha roza mecanizada ou manual durante a idade de repoboado e outra na clase de idade de monte bravo. No caso de ser manual os restos deberán amorearse en cordóns ou retirarse do monte. Poderán realizarse rozas adicionais cando se considere oportuno co fin de facilitar a recollida dos fungos, reducir o risco de incendio forestal, favorecer a rexeneración do arboredo, etc.
Tratamentos silvícolas	
Tallas de formación ou podas	Tallas de formación e/ou poda (até un mínimo de 2 m) co fin de reducir o risco de incendios e favorecer o acceso á masa. Recoméndase a realización dunha poda alta nos pés que van chegar á corta final.
Rareos	En masas que proveñen de rexeneración natural realizarase un rareo na idade de repoboado ou monte bravo co fin de acadar unha densidade entre 1.000 e 1.500 pés/ha. Recoméndase respectar algúns pés doutras especies de frondosas caducifolias autóctonas.
Claras	De 3 a 6 claras de intensidade baixa ou moderada, o número de claras adecuarase á especie/s elixida/s. Recoméndase respectar algúns pés doutras especies de frondosas caducifolias autóctonas e chegar a unha densidade previa ás cortas de rexeneración entre 300 e 500 pés/ha.
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	A quenda da especie principal da masa.
Métodos de corta	Cortas por aclareo sucesivo uniforme, por faixas ou por bosquetes.

Modelo silvícola	SS1
Especie:	Sistema silvopastoral
Obxectivo:	Obtención combinada de pastos e madeira coa aplicación dun sistema rotacional con tempos de ocupación e reposo elevados.
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	Marcos amplos para asegurar produción de pasto, 5 m x 4 m, 5 m x 5 m, 6 m x 5 m, que son 500, 400 e 333 plantas/ha respectivamente. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Especies forestais	O piñeiro bravo ou do país (<i>Pinus pinaster</i> Ait.) e o eucalipto branco (<i>Eucalyptus globulus</i> Labill) son especies indicadas para a implantación destes sistemas ao ter copas claras, permeables á luz e de diámetro reducido, o que favorece o crecemento do pasto natural no sotobosque. Tamén aconsellable coas masas de cerquiño (<i>Q. pyrenaica</i> , L.) para o establecemento de sistemas montados.



Implantación pastizal	Recoméndase tras a roza, unha roturación ou desfonde, dobre pase de grada de discos ou fresadura, encalado (2.000-3.000 quilogramos de caliza/ha), fertilización (NPK doses<300 quilogramos/ha), sementeira (mestura dactilo 30 kg/ha, raigrás 10 kg/ha e trébol 4 kg/ha) e opcionalmente finalizar con pase de rulo. Plantación (se for necesaria): de forma xeral aburatado mecánico. Facelo mellor con dous meses de antelación á plantación.
Tipo de gando	Cabra: controla silvas, brotes tenros de toxo, carqueixas, queirogas e xestas. Non come plantas de eucalipto pero si de conífera e o resto de frondosas. Cabalo: controla ben os toxos, xestas e gramíneas, regular para queirogas e silvas. Compatible con eucaliptos ocasionando leves danos por pisoteo e rozamento. Ovella: controla brotes tenros de toxos e queirogas pequenas. Non axeitado para control de matogueira leñosa. Vaca: controla brotes tenros de carqueixa, queirogas pequenas e gramíneas. Non axeitado para control de toxo, silva ou xesta. Come conífera e frondosas caducifolias e pode provocar danos mecánicos por pisada e rozamento.
Mantementos	Para gando maior utilizaranse estacas de 2,20 metros de lonxitude e diámetro mínimo de 12 cm, de eucalipto ou piñeiro, cunha separación de 4 m. Para cabras e ovellas aconséllase cercas con malla de arame galvanizado, de 93 cm de altura, colocando 2 ou 3 fíos de arames por enriba. Para gando maior (cabalos e vacas) é suficiente unha cerca con 4 ou 5 fíos de arame. Revisión e mantemento dos cerramentos.
Tratamentos para o manexo do gando	
Rotación	Tempo de ocupación de cada subparcela un mes. Tempo de repouso de tres meses. Evitar ou non utilizar na rotación parcelas con repoboados mozos (sempre tendo en conta a especie forestal e o tipo de gando).
Carga xeral	Dun modo xeral, para controlar mato en repoboacións forestais adultas de Galicia, 1-2 unidades de gando menor (cabras) por ha e 1 unidade de gando maior (cabalo) por cada 2-4 ha.
Cargas instantáneas	É importante manexar cargas instantáneas ou puntuais elevadas para que o control da matogueira sexa máis efectivo en determinadas épocas do ano. Aconséllase 4-8 unidades de gando menor (cabras) por ha e 2-3 unidades de gando maior (cabalos) por cada 2-4 ha.
Silvicultura	
Consultar modelo silvícola. Ter en conta o efecto da luz e polo tanto do comezo e ciclo de podas. De forma xeral non necesitan rareos e claras, agás cortas de policía (de ser o caso). En calquera caso realizarase en montes con instrumento de ordenación ou xestión, ou a falta destes, en montes ou terreos forestais inscritos no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo.	

Modelo silvícola	XMCFA1
Especie:	Masas (principalmente xénero <i>Quercus spp</i>) consolidadas de frondosas autóctonas rexistradas.
Obxectivo:	Sustentabilidade das masas consolidadas de frondosas autóctonas.
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais.
Rexeneración	
Marco e densidade de plantación	Rexeneración natural (>3.000 plantas/ha). En caso de imposibilidade de rexeneración natural poderíase completar con sementeira ou plantación a unha densidade de 1.500 pés/ha. Cumprimento das distancias do anexo II da Lei 7/2012. Implantada a masa, aplicarase o método de beneficio de monte alto.



Tipo de planta ou semente	Variable en función da especie elixida. Recoméndase o emprego de material forestal de reprodución procedente de repoboacións da mesma zona xeográfica.
Mantementos	Dúas rozas selectivas ata a etapa de monte bravo, perimetrais ou creando descontinuidades no interior da masa. Poderán realizarse rozas selectivas adicionais cando se considere oportuno co fin de reducir o risco de incendio forestal, favorecer a rexeneración do arboredo, etc.
Tratamentos silvícolas	
Tallas de formación ou podas	Tallas de formación e/ou poda (até un mínimo de 2 m) co fin de reducir o risco de incendios. Poda alta (até un mínimo de 5 m) nos pés que van chegar á corta final.
Rareos	En masas que proveñen de rexeneración natural realizarase un rareo na idade de repoboado ou monte bravo co fin de acadar unha densidade entre 1.000 e 1.500 pés/ha. No rareo eliminaranse os pés de conífera ou de frondosas alóctonas.
Claras	De 3 a 6 claras de intensidade baixa ou moderada; o número de claras adecuarase á especie principal. Nas claras respectarase algúns pés mortos por hectárea que non supoñan risco fitosanitario para o resto da masa e eliminaranse os pés de conífera ou de frondosas alóctonas. Recoméndase chegar a unha densidade previa ás cortas de rexeneración de entre 300 e 500 pés/ha.
Corta final de rexeneración	
Idade de corta	A quenda da especie principal da masa.
Métodos de corta	Cortas por aclareo sucesivo uniforme ou por bosquetes cun período de rexeneración de como mínimo 20 anos.

Modelo silvícola	XMCF2
Especie:	Masas (principalmente xénero <i>Quercus spp</i>) consolidadas de frondosas autóctonas rexistradas.
Obxectivo:	Sustentabilidade das masas consolidadas de frondosas autóctonas
Distritos de aplicación:	Todos os distritos forestais
Rexeneración	
Tipo de rexeneración	Rexeneración natural por semente e método de beneficio de monte alto. Cumprimento das distancias do anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Poderán realizarse rozas selectivas perimetrais ou creando descontinuidades no interior da masa co fin de reducir o risco de incendio forestal, favorecer a rexeneración do arboredo, etc. Eliminaranse os pés de conífera ou de frondosas alóctonas.
Tratamentos silvícolas	
Tallas de formación ou podas	Tallas de formación e/ou poda (até un mínimo de 2 m) co fin de reducir o risco de incendios cada 10 ou 15 anos nos pés que o precisen. Poda alta (até un mínimo de 5 m) cada 10 ou 15 anos nos pés que estean previstos que acaden o diámetro máximo de cortabilidade.
Cortas de mellora e rexeneración	Neste modelo cada 10 ou 15 anos actuarase simultaneamente en todas as clases de idade da masa.
Corta final de rexeneración	
Diámetro máximo de cortabilidade	Variable en función das especies representadas na masa.
Métodos de corta	Entresaca xeneralizada pé a pé cunha rotación de 10 a 15 anos.



ANEXO II
Referentes de boas prácticas forestais

A persoa xestora forestal comprométese a cumprir as seguintes prácticas forestais:

1. Lexislación aplicable.

- Cumprimento da lexislación vixente en materia de montes, de prevención e defensa contra incendios forestais, de montes veciñais en man común, de ser o caso, conservación da natureza, elementos de interese cultural, e de calquera outra lexislación concorrente en materia sectorial.

- Velar para que todos os axentes involucrados na xestión forestal sustentable coñezan, se formen e cumpran coa lexislación vixente aplicable, especialmente aquela de carácter ambiental e de seguridade e saúde.

- Cumprir coas distancias mínimas, legalmente establecidas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que deben respectar as repoboacións forestais e os rexenerados naturais.

- Cumprir coas obrigas en materia de redes de faixas de xestión de biomasa legalmente establecidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

2. Uso múltiple do monte.

- Lograr coa súa xestión a multifuncionalidade, fomentando a función económica, ambiental, recreativa e social do monte, esta última especialmente nos montes periurbanos.

3. Planificación.

- Contar cun instrumento de ordenación ou xestión ou realizar a adhesión aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas, en cumprimento coa lexislación vixente e respectando as instrucións de ordenación e xestión de montes de Galicia.

4. Repoboación/rexeneración.

- Adoptar as medidas necesarias para asegurar a persistencia da masa arborada cando así estea planificado. Fomentando, sempre que sexa posible, a rexeneración natural,



pero facendo uso da plantación artificial cando o éxito da rexeneración non estea asegurado ou as características xenéticas da masa non sexan as máis axeitadas ou poidan ser mellorables.

- Utilizar as especies arbóreas máis axeitadas á estación forestal e material reprodutivo que terá identificada a súa orixe e procedencia, sendo aconsellable, sempre que sexa posible, cando menos material selecto. Igualmente darase cumprimento en materia de procedencia (artigo 112.4 da Lei 7/2012), calidade exterior do material e sanidade vexetal, debendo sempre dispoñer do documento provedor e pasaporte fitosanitario correspondente.

- Recorrer á fertilización nas plantacións unicamente baixo xustificacións técnicas e usando só os produtos legalmente autorizados.

- Se se opta polo rexenerado natural evitárase extraer pina en cantidade excesiva que reduza a cantidade de semente necesaria e tritúranse os restos para o seu espallamento e diseminación.

- Velar polo éxito do rexenerado e tomar as medidas oportunas para o seu correcto desenvolvemento, especialmente no que se refire á protección contra herbívoros salvaxes e domésticos, e fomentar a existencia de árbores pai.

- Traballar con bo tempero para asegurar o éxito da repoboación e minimizar os danos ao solo.

5. Pragas e enfermidades.

- Vixiar o arboredo de xeito que se poida detectar a aparición dunha posible praga ou enfermidade nun breve espazo de tempo e realizar a preceptiva comunicación á consellería competente en materia de sanidade forestal.

- Cumprir coas obrigas que se diten en materia de medidas e tratamentos fitosanitarios obrigatorios para o control e a loita contra pragas e enfermidades forestais, especialmente daquelas emerxentes, cando se declare a súa existencia e se delimite a zona afectación.

6. Produtos fitosanitarios.

- Empregar produtos fitosanitarios químicos unicamente en casos excepcionais e sempre con produtos autorizados e de acordo coas especificacións establecidas (doses, medi-

CVE-DOG: pkvdbuj2-mug0-mhi1-yd57-t3hcbec2de15



das de seguridade e saúde...). Xustificar tecnicamente a aplicación destes produtos autorizados. Sempre que sexa posible, recoméndase a utilización de técnicas de loita integrada.

7. Incendios.

- Vixiar e informar inmediatamente en canto se detecte fume ou calquera conato de incendio e, se é o caso, avisar os servizos de prevención e defensa contra incendios forestais (085). De ser necesario, segundo a lexislación vixente, seguiranse as indicacións do director de extinción.

8. Tratamentos silvícolas.

- As intensidades de poda deberán estar comprendidas entre 1/3 e 1/2 da altura total da árbore, nunca superiores. E os pesos e intensidade do sistema de claras non excederá o 60 % da área basimétrica da masa inicial antes do tratamento, aplicando preferiblemente pesos do 30-50 %, diminuído o dito peso cando o índice de esveltez das árbores sexa elevado ou exista risco de dano por derrubamentos.

- Favoreceranse medidas de silvicultura, incluída a implantación e mantemento de sistemas pascícolas ou silvopascícolas rexistrados, e da rede de infraestruturas en terreos forestais que garantan a descontinuidade horizontal e vertical da biomasa forestal.

- É conveniente realizar o sinalamento da madeira previamente á corta intermedia ou final, especialmente no caso de masas de frondosas caducifolias do anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

9. Trituración de restos.

- Triturar os restos forestais (non maiores de 50 cm) logo da actuación e facer o seu espallamento mediante rozadora de cadeas ou martelos. Alternativamente poderanse retirar os restos do monte para o aproveitamento enerxético ou compostaxe, sendo aconsellable deixar unha porcentaxe mínima dun 30 % (fraccións máis finas) co fin de non impactar no ciclo de nutrientes do solo de forma significativa.

- Por dificultades de mecanización xustificadas, baseadas en porcentaxes de pendentes, en calquera caso superiores ao 30 %, ou por unha elevada pedregosidade, condicións de pluviometría que supoñan risco de erosión ou grave compactamento do solo ou por motivos ambientais poderase excepcionar a obriga de triturar ou extraer debendo cando menos facer un picado dos restos.

CVE-DOG: pkvdbuj2-mug0-mhi1-yd57-t3hcbec2del5



• A dita obriga exceptuarase, e sempre por causas excepcionais como, entre outras, a imposibilidade técnica de trituración ou extracción de restos tras a declaración de ameaza ou grave risco de pragas ou enfermidades na zona, cando se obtivese a preceptiva autorización para a queima de restos forestais prevista na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Regularanse as ditas queimas segundo as condicións dispostas na lexislación vixente.

10. Rede viaria.

• Tomar as medidas oportunas, especialmente nos aproveitamentos madeireiros, para racionalizar as vías de saca ou trochas (número e distanciamento). Limitar o largo da vía ao estritamente necesario para o paso e traballo da maquinaria; aconséllase non sobrepasar os 3,5 metros de largo. Recoméndase romper a continuidade das vías de saca á fin de reducir os danos por vento (derrubamentos principalmente dos pés que delimitan a rúa) e diminuír o impacto paisaxístico.

• Na medida do posible, a vía de saca non coincidirá ou respectará os bosquetes de latifoliadas.

• Minimizar o número de ramais cegos da rede viaria forestal, evitando tramos de excesiva pendente e construíndo obras de drenaxe tecnicamente xustificadas.

11. Conservación de fauna e flora.

• Fomentar, na súa planificación, o mantemento e conservación da diversidade de especies e ecosistemas na unidade de xestión, tales como a creación de mouteiras maduras nas que se dean procesos de naturalización.

• Fomentar, na súa planificación, o mantemento das árbores mortas, sempre que non supoñan riscos na estabilidade do ecosistema (pragas, enfermidades ou incendios)

• Promover a formación de masas mixtas ou, cando menos, asegurar a aparición e mantemento de especies acompañantes á principal, especialmente frondosas autóctonas, que proporcionen máis estabilidade ao ecosistema forestal.

• Durante a época de cría evitarse a corta polo pé de árbores.



- Velar pola protección, mantemento e mellora das áreas de vexetación ripícola, é dicir, aquelas situadas nas marxes das canles fluviais. Evitar a utilización de produtos químicos e a acumulación de residuos que poidan deteriorar as canles dos leitos.

12. Xestión de residuos.

- Velar polo mantemento, dentro do monte ou parcela forestal, da limpeza de residuos causados polas actividades forestais. Evitar a vertedura de residuos industriais (lubrificantes, fuel) nos labores forestais, usando como norma xeral produtos biodegradables e acondicionando zonas de limpeza para maquinaria e equipos. O tratamento de residuos será feito pola persoa xestora debidamente homologada.

- Manter as obras limpas que se fagan no monte ou parcela forestal, sen restos de lixo espallados polo chan. Estes residuos urbanos deberanse recoller e depositar nun contedor axeitado.

- De se producir residuos perigosos, deberán respectar as seguintes indicacións: os residuos perigosos non se poden mesturar con outros residuos, tampouco entre eles. Débense eliminar a través da persoa xestora de residuos autorizada. Se se mesturan coa terra, extraerase a capa afectada, almacenarase no seu correspondente contedor/bolsa e tratarase como residuo perigoso.

13. Minimización de impactos.

- Minimizar o uso de tratamentos silvícolas que produzan graves impactos paisaxísticos. Para isto, racionalizaranse as superficies de corta a feito e deixaranse pequenas mouteiras maduras ou de árbores mortas que interrompan a uniformidade da corta, así mesmo fomentaranse nas cortas a feito perímetros irregulares que supoñan un menor impacto visual e paisaxístico.

- Adoptar as medidas necesarias para minimizar os impactos: na vexetación remanente despois da corta de rexeneración ou do tratamento silvícola, no solo a longo prazo, así como nas infraestruturas forestais, nomeadamente pistas e devasas, evitando compactamento e afectación ao sistema de drenaxe.

- Na medida do posible, deberase minimizar a emisión de contaminantes atmosféricos (gases de combustión da maquinaria e dos equipos, po) e acústicos, sendo aconsellable



manter en perfecto estado a maquinaria e equipos, planificar axeitadamente os tempos de transporte, circular con moderación naqueles lugares onde se xere po, respectar os límites de velocidade e posuír, cando corresponda, a marcaxe CE ou a ITV.

14. Seguridade e saúde laboral.

- Deberase cumprir coa lexislación vixente en materia de riscos laborais, posuíndo, os operarios que traballen no monte ou parcela forestal, os equipos de seguridade homologados, a formación adecuada, e demais requirimentos durante a execución das actividades forestais.

- Empregar persoal especializado no ámbito forestal para a planificación, execución e control das actuacións.

CVE-DOG: pkvdbuj2-mug0-mhi1-yd57-t3hcbec2del5

